



Concello de Cangas

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 8 DE AGOSTO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 8 de agosto de 2016

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 20:55 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ánxela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón e D^a Mercedes Giráldez Santos,

SUPLENTES: D^a Tania Castro Paredes e D^a Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria Acctal., D^a María Rodríguez Gómez e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 26 DE XULLO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 26 de xullo de 2016, coa seguinte modificación:

* No referente ao punto 7º (aprobación de bases da aula de estimulación de nenos/nenas), na proposta da Concellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, no segundo punto, onde di: "...contratación en réxime laboral temporal na modalidade de contrato por obra ou servizo... **deberá dicir: "...contratación en réxime laboral temporal na modalidade de interinaxe.../..."**



Concello de Cangas

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
COMUNIDADES MORRAZO (administradora CC.PP. "GARAJES ATRANCO")	Rúa Atranco, nº 13-Coiro. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 624, concedido en X.G.L. do día 29.03.2007 á comunidade de propietarios de rúa Atranco, nº 13-Cangas. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 4 DE AGOSTO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:



Concello de Cangas

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do Rdl. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.



Concello de Cangas

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.897.- LICENZA MUNICIPAL Nº 24.091.- A J.M.R., modifícase a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán igualmente á documentación presentada en data 15 de xuño de 2016, dos arquitectos R.O.S. e J.A.F.M., visada en data 3 de xuño de 2016, coas seguintes superficies construídas: 95,40 m²., de planta baixa, 108,30 m²., de primeiro andar, 27,10 m²., de aproveitamento baixo cuberta e 36,00 m²., de terraza e porche.

EXPEDIENTE Nº 21.889.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.128.- A "F.P.P. SL", outórgase un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 20 de xullo de 2016. A solicitude está formulada dentro dos prazos establecidos legalmente.

EXPEDIENTE Nº 21.888.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.127.- A "F.P.P. SL", outórgase un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 20 de xullo de 2016. A solicitude está formulada dentro dos prazos establecidos legalmente.

EXPEDIENTE Nº 24.509.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.492.- A T.R.P., outórgase un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 20 de xullo de 2016. A solicitude está formulada dentro dos prazos establecidos legalmente.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.820.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "SAINAS", para substitución-colocación de elementos na cuberta ventilada en patio de luces en edificación sita na Avda. Castroviejo, nº 1-Cangas.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.840.- A "CEDIPSA SA", para obras de remodelación de estación de servizo de Cangas, en lugar Seixo, nº 56-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.898.- A J.P.S., para obras de reparación e cambio de material de cubrición en cuberta de edificación sita en Parada, nº 24-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.986.- A A.F.S., para realizar un cerramento en Monte da Insua-O Igresario-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.008.- A M.R.F.R., para obras de cambio de material de cubrición en cuberta de edificación sita en rúa Lisboa, nº 42-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.021.- A C.M.R., para obras de reparación e reposición de material de cubrición en cuberta de edificación sita en rúa Seixo, nº 56-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 26.022.- A J.P.G., para obras de reparación de fachadas en vivanda, sita en Baixada ao Peirao, nº 30-Espiñeira-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.023.- A M.L.R.C., para realizar rampla de acceso a vivanda sita no lugar da Rosada, nº 6-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.024.- A D.V.C., para obras de reparación de fachada en vivanda, sita en Espiñeira, nº 39-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.033.- A E.P.I., para obras de reposición e pavimentación de camiño de servidume de paso no lugar das Gruncheiras-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.042.- A E.S.M., para conservación de cuberta en vivanda existente sita na Avda. de Lugo, nº 70-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.047.- A A.V.P., para obras de reparación de fachada en vivanda na Avda. José Novas, nº 11-Piñeiro-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.048.- A D.B.F., para obras de conservación e mantemento de portal e fontanería en vivanda, en rúa Carlos Casares, nº 7-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.052.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO "JULIO SOLIÑO", para obras de substitución de material de cuberta na Avda. de Ourense, nº 82-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.053.- A A.M.M.F., para obras de reparación de fachadas en vivanda, sita en Alcalde Agustín Echevarri, nº 8-Darbo.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 26.056.- A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, para obras de conservación e mantemento de baranda, na Avda. Félix Ozámiz, nº 14 - Cangas.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE Nº 8/2016-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 02.08.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 8/2016-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 8/2016-S

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar de San Cibrán-Aldán, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar a reconstrución completa interior do 1º e 2º andar, así como do aproveitamento baixo cuberta.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados M.A.P.V., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden seren constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro do solo de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 161.2 da Lei 2/16 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 50%.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora



Concello de Cangas

aprobado por Rd 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163 da Lei 2/16, o artigo 10 do Rd 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a D. Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello D^a Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 163 da Lei 9/02, 10 do Rd 1398/93 e artigo 21.1.1c) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do Rd 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días



Concello de Cangas

indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Rd 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 8/2016-S.

5.B) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 24/2011-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 03.08.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 24/2011-S, que é como segue:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 04.04.2016 RECAÍDA EN EXPEDIENTE DE SANCIONADOR Nº 24/2011-S

Examinado o recurso potestativo de reposición interposto por J.R.P.A. contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de abril de 2016 do expediente sancionador nº 24/2011-S, no que se acordaba impoñerlle unha sanción de seiscentos euros (600,00 €), pola realización de obras en Rabáns, consistentes en realizar desmonte e recheo con muros de contención de manpostería de máis de 4 m. de alto nun predio de aproximadamente 3.000 m²., e un muro de contención de mais de 2,50 m. a menos de 4 m. do eixo, vista a Sentenza nº 22/2016 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En data 8 de xuño de 2011 levantouse acta de inspección urbanística polo inspector municipal, sinalando que no lugar de Rabáns se estaban a realizar obras consistentes en realizar desmonte e recheo con muros de contención de manpostería de máis de 4 m. de alto nun predio de aproximadamente 3.000 m²., e un muro de contención de mais de 2,50 m. a menos de 4 m. do eixo. Tramitado expediente de restauración da legalidade



Concello de Cangas

urbanística este rematou por Resolución de Alcaldía de data 11 de xullo de 2011, ordenando desmonte e recheo con muros de contención de mampostería de máis de 4 m. de alto nun predio de aproximadamente 3.000 m²., e un muro de contención de máis de 2,50 m. a menos de 4 m. do eixo.

SEGUNDO.- En cumprimento do disposto no artigo 219 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, por acordo da Xunta de Goberno Local incoouse procedemento sancionador polos feitos descritos no antecedente primeiro deste informe, expediente que unha vez tramitado rematou con acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de marzo de 2014 impondo unha sanción ó recorrente de seis mil un euros (6.001,00 €).

TERCEIRO.- Fronte ao dito acordo interpúxose recurso de reposición, este recurso desestimouse por acordo de data 19.01.2015. Esta desestimación recorreuse no Xulgado Contencioso nº 1 de Pontevedra, PA 122/2016 ditándose Sentenza nº 22/2016 o pasado 22 de febreiro estimando parcialmente o recurso formulado, anulando as resolucións recorridas no senso de acordar que a infracción pola que se sanciona a J.R.P.A se tipifique como leve e que a cantidade de seiscentos euros (600,00 €) será multa que deberá aboar R.P.A.

CUARTO.- O pasado 24 de maio de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou a anulación das resolucións recorridas no único senso de acordar que a infracción é leve, de conformidade co artigo 217 da LOUGA e a multa imposta ascende ó infracción a seiscentos euros (600,00 €), en lugar dos seis mil euros (6.000,00 €) imposta por esta administración.

QUINTO.- En data 03.06.2016, rexistro de entrada no Concello de Cangas nº 7049 o 7 de xuño de 2016, J.R.P.A. formula recurso de reposición fronte ao acordo de data 24 de maio de 2016 solicitando a aplicación da bonificación do 30% por pago voluntario da sanción imposta. Cómpre sinalar en primeiro lugar que a sentenza ditada no PA 122/2015 é firme como así o sinala o Xulgado en data 22.02.2016 no oficio que ordena levar a puro e debido efecto o acordado nesta. Contra estas sentencias non cabe recurso ningún, xa sexa porque a lei non o prevé ou porque xa transcorreu o prazo establecido e ningunha das partes o presenta. Cando unha resolución é firme ten autoridade de cousa xulgada e non cabe revisión desta.

A bonificación solicitada estaba prevista na LOUGA para os supostos nos que as sancións fosen aboadas no prazo de período voluntario e nese mesmo prazo o infractor amosase por escrito a súa conformidade con estas e renunciase expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no mesmo prazo, supostos que non se deron no presente caso.



Concello de Cangas

Vista a sentenza existente e o informado anteriormente este recurso debe ser desestimado.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía de data 16 de xuño de 2011. "Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán seren recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditase...".

SEGUNDA.- O artigo 219.1 da LOUG sinala que nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

Por todo o exposto, PROPONSE:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por J.R.P.A. contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de maio de 2016 do expediente sancionador nº 24/2011-S, no que se acordou a anulación das resolucións recorridas no único senso de acordar que a infracción realizada está tipificada como leve, de conformidade co artigo 217 da LOUGA e a imposición dunha multa de seiscientos euros (600,00 €), confirmando esta en todos os seus termos, polos razoamentos expostos no corpo deste informe-proposta dando cumprimento así á Sentenza do Xulgado Contencioso nº 1 de Pontevedra 22/2016, ditada no PA nº 122/2016.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados e ó Xulgado Contencioso nº 1 de Pontevedra.

Contra o apartado primeiro desta resolución, que é definitivo en vía administrativa, cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14º.3º da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 24/2011-S.



Concello de Cangas

6º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE ACORDO DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E OS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES ASINANTES PARA A CESIÓN EN PROPIEDAD DE TERMINAIS DE RADIOCOMUNICACIÓN PARA O ACCESO AOS SERVIZOS DA REDE CORPORATIVA DE COMUNICACIÓNS MÓBILES DIXITAIS DE EMERXENCIA E SEGURIDADE DE GALICIA

Dáse conta de sinatura o día 15 de abril de 2016 de acordo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os concellos e mancomunidades asinantes, para a cesión en propiedade de terminais de radiocomunicación para o acceso aos servizos da rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 15 de abril de 2016 de acordo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os concellos e mancomunidades asinantes, para a cesión en propiedade de terminais de radiocomunicación para o acceso aos servizos da rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Intervención e concellería de Urbanismo e Patrimonio.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

7º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

7.A) PROPOSTA S/ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 04.08.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora



Concello de Cangas

social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

*** Concederlle o servizo de Axuda no Fogar a I.A., co expediente nº 36008/01/002041 a través da quenda de dependencia por libre concorrència e de acordo cos seguintes detalles:**

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 20 horas.

Custo do servizo: douscentos corenta e cinco euros con vinte céntimos (245,20 €) (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/ hora)).

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/ mes.

Data prevista de alta no SAF: 3 de agosto de 2016 por emerxencia social".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/BAIXA DE ALOXAMENTO TEMPORAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL

8.A) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE BAIXA DE ALOXAMENTO TEMPORAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 04.08.2016, relativa a baixas do Servizo Municipal de Aloxamento Temporal, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Con base no informe e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura do servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle a seguinte resolución:

*** DENEGAR a A.P.S. con expediente nº 36008/01/000362 a prórroga da cesión do Servizo Municipal de Aloxamento Temporal por Situacións de Emerxencia Social (SAT) e comunicar a baixa por non reunir os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora do SAT a partir da data do 28 de xullo de 2016".**



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

9º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE S/SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE MODIFICACIÓN DOS MÓDULOS ECONÓMICOS PARA RENOVACIÓN ANUAL DO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE PERSOAL DE SERVIZOS SOCIAIS-2016.

Dáse conta de proposta do día 04.08.2016 do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a solicitude de axuda á Consellería de Política Social de modificación dos módulos económicos para renovación anual do financiamento dos gastos de persoal de servizos sociais 2016, que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL AO ABEIRO DA ORDE DO 13.07.2016 DE MODIFICACIÓN DOS MÓDULOS ECONÓMICOS PARA RENOVACIÓN ANUAL DO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE PERSOAL DE SERVIZOS SOCIAIS 2016.

Vista a Orde do 13 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento, propoño á Xunta de Goberno Local:

A modificación do acordo da Xunta de Goberno Local de data do 14 de marzo de 2016 de solicitude á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulado no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, no incremento de quince mil douscentos noventa e dous euros (15.292,00 €) no importe solicitado, segundo o seguinte desglose:

Primeiro.- Que o importe total do financiamento solicitado sexa de cincocentos cincuenta e nove mil seiscentos corenta e sete euros con vinte céntimos (559.647,20 €), co seguinte detalle:

- Persoal: cento corenta e dous mil setecentos dezaioito euros (142.718,00 €).*
- Mantemento: seiscentos euros (600,00 €).*



Concello de Cangas

- *Axuda no fogar:*
Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 11.700,00€
Modalidade para persoas valoradas como dependentes. 256.429,20€
- *Xestión de programas: cento corenta e oito mil douscentos euros (148.200,00 €).*
- *Investimentos.: 0,00 euros.*

Segundo.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

Terceiro.- Declarar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de catrocentos vinte e un mil novecentos cincuenta euros con noventa e nove céntimos (421.950,99 €) que supón unha porcentaxe do 42,98% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

** Modalidade de prestación básica do plan concertado: once mil setecentos euros (11.700,00 €).*

** Modalidade para persoas valoradas como dependentes: douscentos cincuenta e seis mil catrocentos vinte e nove euros con vinte céntimos (256.429,20 €)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a solicitude de axuda á Consellería de Política Social de modificación dos módulos económicos para renovación anual do financiamento dos gastos de persoal de servizos sociais-2016.

CONTRATACIÓN

10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO DE CASTELAO, AVENIDA DE EUGENIO SEQUEIROS E AVENIDA DE MONTERO RÍOS

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 03.08.2016, referente a adxudicación do contrato de subministración de material para substitución de luminarias no Paseo de Castelao, Avenida de Eugenio Sequeiros e Avenida de Montero Ríos, que é como segue:



Concello de Cangas

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO DE CASTELAO, AVENIDA DE EUGENIO SEQUEIROS E AVENIDA DE MONTERO RÍOS

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de material para a substitución de luminarias no Paseo de Castelao, Avenida de Eugenio Sequeiros e Avenida de Montero Ríos.

Visto que a mesa de contratación realizou proposta de adxudicación a favor da empresa 'SIELVIGO SL', e que esta achegou en tempo e forma (registro entrada nº 9867 do día 26.07.2016) a documentación que se lle requiriu como requisito previo á adxudicación segundo o disposto na cláusula 17ª do PCAP.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar válido o procedemento de licitación.

Segundo.- Adxudicar á empresa 'SIELVIGO, SL', con CIF nº B36823227 e domicilio social e fiscal na Avenida da Florida, nº 157 de Vigo (CP 36210) o contrato de 'Subministración de material para a substitución de luminarias no Paseo de Castelao, Avenida de Eugenio Sequeiros e Avenida de Montero Ríos', coas seguintes especificacións da súa oferta:

- Prezo IVE incluído: corenta e oito mil novecentos corenta e catro euros con cincuenta céntimos (48.944,50 €).*
- Prazo de entrega: 1 día desde a sinatura do contrato.*
- Ampliación do prazo de garantía: 10 anos.*

Terceiro.- Excluir da licitación ás empresas: CM SALVI SL; LEDYSPA SL; TÉCNICAS EDIFICATIVAS INNOVADORAS SL; ESELED CONSULTING SL; e MICROLED LA MANCHA SL; por propoñer a subministración de material cuxas características non se corresponden co especificado no PPT.

Cuarto.- Dispoñer con cargo á aplicación orzamentaria 165.639 o gasto que para este Concello representa a devandita contratación.

Quinto.- Notificar a 'SIELVIGO SL', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante don R.G.F para a sinatura deste.

Sexto.- Nomear responsable deste contrato ao empregado municipal A.S.M., a quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e



Concello de Cangas

ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo.- Notificar a todos os licitadores este acordo e dar traslado deste aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como ao responsable do contrato.

Oitavo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación do contrato de subministración de material para substitución de luminarias no Paseo de Castelao, Avenida de Eugenio Sequeiros e Avenida de Montero Ríos.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade cos informes emitidos o día 8.08.2016 polo departamento de Xestión de Ingresos Municipal e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaranse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

De conformidade coa *ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DAS TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA* do Concello de CANGAS, as autorizacións estarán supeditadas ao indicado no seu:

ARTIGO 10. SUSPENSIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN



Concello de Cangas

1. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, festexos populares, situacións de emerxencia ou calquera outras, a autorización municipal quedará sen efecto ata que desaparezan ditas circunstancias, sen que xere dereito a indemnización ningunha.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR "O MINEIRO CB", con CIF E94133329, representado por A.F.A. (BAR "O MINEIRO"), para ocupación con mesas e cadeiras na Avda. de Marín, nº 20-Cangas, nunha superficie de 8,00 m²., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR SUCAR, C.B., con CIF E36461317, representada por J.C.G., (BAR "O BATEL"), para ocupación con mesas e cadeiras en rúa Real, nº12-Cangas, nunha superficie de 5,00 m²., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR A.P.L., con NIF 34873098S (RESTAURANTE "SOL PONIENTE"), para ocupación con mesas e cadeiras en rúa Antonio Nores, nº 4-Cangas, nunha superficie de 3,00 m²., do 1 de xullo ao 30 de setembro.

* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR "HOSTELERÍA CANGUESA, SL", con CIF B94133931, representada por J.F.P., (BARCAFETERÍA 'OASIS'), para ocupación con mesas e cadeiras na Avda. de Marín, nº 7-Cangas, nunha superficie de 5,30 m²., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a



Concello de Cangas

beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR "HOSTELERÍA CANGUESA SL", con CIF B94133931, representada por J.F.P., (BAR-CAFETERÍA "HOLLYWOOD"), para ocupación con mesas e cadeiras na Avda. de Marín, nº 21-Cangas, nunha superficie de 13,05 m2., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

CONDICIÓNS

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostalería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entrego no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2016, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento



Concello de Cangas

principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de revogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarse expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL S/SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA A CONSECUCCIÓN DE MERCADOS DE EXCELENCIA-2016

Dáse conta de proposta da concelleira de Desenvolvemento Local do día 04.08.2016, referente a solicitude de axuda á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a consecución de mercados de excelencia-2016, que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA AO ABEIRO DA ORDE DO 15 DE XUÑO DE 2016 PARA A CONSECUCCIÓN DE MERCADOS DE EXCELENCIA-2016



Concello de Cangas

Vista a Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data do 15 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións aos concellos galegos e ás asociacións de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a consecución de mercados de excelencia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (IN223A).

Vistas as necesidades, redáctase pola arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña, os seguintes proxectos denominados:

- *ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO, polo importe total de corenta e sete mil oitocentos vinte e seis euros con setenta e un céntimos (47.826,71 €) IVE incluído (artigo 4.1.a).*
- *SERVIZOS PARA OS CLIENTES E ESPAZOS MULTIFUNCIONAIS NO MERCADO, polo importe total de vinte e cinco mil sesenta e dous euros con catorce céntimos (25.062,14 €) IVE incluído (artigo 4.1.a).*

Vista a memoria redactada pola axente de emprego e desenvolvemento local, M.C.F.D., de realización de actuacións de asesoramento e formación dos profesionais da Praza de Abastos.

Visto que o Concello de Cangas reúne os requisitos que se especifican na orde citada e os do artigo 10º da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar os proxectos redactados pola arquitecta municipal, M.I.M.F.:

- *ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO, polo importe total de corenta e sete mil oitocentos vinte e seis euros con setenta e un céntimos (47.826,71 €) IVE incluído.*
- *SERVIZOS PARA OS CLIENTES E ESPAZOS MULTIFUNCIONAIS NO MERCADO, polo importe total de vinte e cinco mil sesenta e dous euros con catorce céntimos (25.062,14 €) IVE incluído.*

Aprobar a memoria redactada pola axente de emprego e desenvolvemento local, M.C.F.D., de realización de actuacións de asesoramento e formación dos profesionais da Praza de Abastos.

Segundo.- Solicitar, ao abeiro da Orde do 15 de xullo de 2016, unha subvención para a execución dos seguintes proxectos, segundo o seguinte desglose e orde de preferencia:



Concello de Cangas

Denominación obra e preferencia	Orzamento total con IVE €	Subvención solicitada € (70%)	Aportación municipal € (30%)
(1) ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO	47.826,71	33.478,70	14.348,01
(2) SERVIZOS PARA OS CLIENTES E ESPAZOS MULTIFUNCIONAIS NO MERCADO.	25.062,14	17.543,50	7.518,64

Terceiro.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente, por acordo de Pleno de data 13 de xuño de 2015, D. Xosé Manuel Pazos Varela, con DNI 76328194A, para que asine solicitude de subvencións e cantos documentos sexan precisos para cumprimento da orde de solicitude.

Cuarto.- O Concello de Cangas, comprométese a realizar actuacións de asesoramento e formación dirixidas ao 'mentoring comercial'.

Cuarto.- Remitir o presente acordo á Delegación Provincial da Consellería de Economía Emprego e Industria, achegado da documentación que sinala a orde citada".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Local transcrita anteriormente, referente a solicitude de axuda á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a consecución de mercados de excelencia-2016.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente